BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Luns, 9 de marzo de 2020
Núm. 47

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## PONTEVEDRA

### Persoal, oposicións

*LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS E EXCLUIDOS TÉCNICO/ A SEMÁFOROS, MESTRE/A ELECTRICISTA, E OFICIAL ELECTRICISTA*

*A N U N C I O*

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 24/02/2020, ditou a seguinte resolución:

*"RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E SE FIXA A DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL , VALORACIÓN DE MÉRITOS E DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A EN CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE SEMÁFOROS, UNHA PRAZA DE MESTRE ELECTRICISTA E DÚAS PRAZAS DE OFICIAIS ELECTRICISTA INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2017 QUENDA PROMOCIÓN INTERNA*

Por Resolución da concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 21 data 31/01/2020, fíxose pública a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a composición dos tribunais dos procesos selectivos convocados para cubrir diversas prazas no Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2017, pola quenda de promoción interna.

De conformidade co previsto nas Bases reguladoras da convocatoria, RESOLVO:

*Primeiro.*—Aprobar as listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos dos procesos selectivos abaixo relacionados:

**PRAZA: 1TÉCNICO/A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO SEMÁFOROS QUENDA PROMOCIÓN INTERNA**

*ASPIRANTES ADMITIDOS*

1 SOUTO GONZÁLEZ, JOSE CARLOS

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS*

Ningún

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:14P8Y6GOO0A70SVW

Luns, 9 de marzo de 2020
Núm. 47

**PRAZA:1 MESTRE/A ELECTRICISTA**
**QUENDA PROMOCIÓN INTERNA**

*ASPIRANTES ADMITIDOS*

1 DOPAZO SOBREIRA, ANTONIO

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS*

O seguinte aspirante resulta excluído pola causa establecida na resolución provisional de admitidos de data 24/01/2020 ao non reunir a condición esixida nas bases da convocatoria en relación coa categoría profesional esixida nas bases.

LAMAS CASTRO, MANUEL ÁNGEL

**PRAZA:2 OFICIAIS ELECTRICISTA**
**QUENDA PROMOCIÓN INTERNA**

1 PEREIRA FERRER, ERNESTO

2 SANMARTIN RUIBAL, MANUEL

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS*

Ningún

*Segundo.*—Determinar a data en que terá lugar a constitución do Tribunal Cualificador e a celebración do primeiro exercicio:

**PRAZA: 1TÉCNICO/A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO SEMÁFOROS**
**QUENDA PROMOCIÓN INTERNA**

Constitución do Tribunal e valoración de méritos o día 16 de marzo de 2020, ás 09:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

O primeiro exercicio terá lugar o día 18 de marzo 2020, ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

**PRAZA:1 MESTRE ELECTRICISTA**
**QUENDA PROMOCIÓN INTERNA**

Constitución do Tribunal e valoración de méritos o día 16 de marzo de 2020, ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

O primeiro exercicio terá lugar o día 23 de marzo 2020, ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:14P8Y6GOO0A70SVW

Luns, 9 de marzo de 2020
Núm. 47

**PRAZA:2 OFICIAIS ELECTRICISTA**
**QUENDA PROMOCIÓN INTERNA**

Constitución do Tribunal e valoración de méritos o día 16 de marzo de 2020, ás 11:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

O primeiro exercicio terá lugar o día 25 de marzo 2020, ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

*Terceiro.*—Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

*Cuarto.*—En cumprimento do sinalado nas Bases reguladoras os dereitos de exame seranlles reintegrados, á petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da listaxe de admitidos.

*Quinto.*—Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o Secretario da Administración Municipal, que DA FE da precedente resolución."

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:14P8Y6GOO0A70SVW